



# FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

Federación Galega de Espeleoloxía  
Circular 3/2004  
Hoja 1 de 1

## ACTIVIDADE ESPELEOLOXICA NO PARQUE NATURAL DA SERRA DE ENCIÑA DA LAISTRA

De todos é coñecida a declaración de Parque Natural da Serra de Enciña da Lastra, e xa fai tempo que tiñamos a preocupación de que as normativas, en moitos casos excesivamente restrictivas, poidesen afectar e incluso prohibir o desenrolo da nosa actividade espeleolóxica. Ata agora as normativas de aplicación neste parque son:

- Lei 9/2001 do 21 de agosto de Conservación da Natureza.  
<http://www.siam-cma.org/lexislacion/norma.asp?idn=501&lang=>,
- Decreto 157/2002 do 4 de abril no que se declara o Parque natural da Serra de Enciña da Lastra.  
<http://www.siam-cma.org/lexislacion/norma.asp?idn=611&lang=>,
- Decreto 77/02 do 28 de febreiro Plan e Ordenación de Recursos Naturais (PORN).  
<http://www.siam-cma.org/lexislacion/norma.asp?idn=588&lang=>,

Despóis das diferentes conversacións mantidas cos responsables da xestión do Parque da Serra da Enciña da Lastra e a Consellería de Medioambiente, temos chegado ao acordo de que para cumprir a normativa en Xeral e a do Parque en particular, será obrigado que con alo menos tres días de antelación se dirixa unha **solicitud de permiso para actividade espeleolóxica**, a cual se teñen comprometido responder coa maior axilidade posible.

A todos nos interesa acadar un bó funcionamento na xestión dos referidas autorizacións, polo que vos pedimos o maior interese posible ao tempo de cumprimentar as solicitudes. A tal fin remítese o modelo de solicitud a cumprimentar para solicitar as correspondentes autorizacións. E importante ter en conta as seguintes consideracións:

- E preciso mandar a solicitud cunha antelación mínima de ao menos tres días lectivos previos a la realización da actividade.
- Deberán cumprimentarse todos os datos, e deberán ir debidamente seladas e asinadas.
- As solicitudes serán remitidas polos clubs ao **Fax 988386420**, e dirigidas a:  
**Sr/a Xefe/a de Servicio**  
**Delegación Provincial da Consellería de Medioambiente**  
**Servicio de Espacios Naturais e Biodiversidade.**  
**Avda. de la Habana nº 79 – 1º**  
**32004 – Ourense**
- A xestión da correspondente autorización se realizará vía Fax, polo tanto e obrigatorio completar o dato de FAX DE RESPONDA.

Os responsables da Consellería de Medioambiente, teñen a certeza de que o noso colectivo leva moitos anos e vai a seguir taballando duro, para a conservación dos espacios naturais, e en tal sentido queren considerarnos como colaboradores. Fagamos que coa nosa xemplar actitude academos novos e mellores acordos e colaboracións para poder seguir realizando a nosa actividade.

A Coruña febreiro do 2004.